

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE VERÍN, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2022, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

REUNIDAS

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, representada neste acto polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez Vázquez, nomeado mediante o Decreto 196/2020, do 26 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23.11.2015).

E da outra, a entidade local, Concello de Verín, representada neste acto polo alcalde, Gerardo Seoane Fidalgo, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.

Segundo. As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

Terceiro. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no artigo 59 establece que: "A Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.

A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para a sinatura de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos





preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de administración local de Galicia”.

Cuarto. As accións en materia de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural (Feader) foron incorporadas na submedida 8.3 do PDR Galicia 2014-2020 aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) núm. 8144 do 18 de novembro de 2015 e modificado seis veces, a última mediante Decisión de Execución da Comisión C (2021) 4527 do 17 de xuño de 2021. En concreto están previstas nas seguintes normas:

- Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrégase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) núm. 352/78, (CE) núm. 165/94, (CE) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello.
- Regulamento delegado (UE) núm. 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e que introduce disposicións transitorias.
- Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento e do Consello, relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.
- Regulamento (UE) núm. 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de decembro de 2020, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) núm. 1305/2013, (UE) núm. 1306/2013 e (UE) núm. 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación nos anos 2021 e 2022 e o Regulamento (UE) núm. 1308/2013 no que respecta aos recursos e á distribución da dita axuda nos anos 2021 e 2022.

Quinto. Os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para as políticas de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica, ambiental e social de Galicia. Actuar contra este desafío esixe promover accións integrais que promovan actuacións preventivas en todo o territorio, con especial intensidade nas zonas de medio e alto risco, de acordo cos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia.

De acordo co disposto na Orde da Consellería do Medio Rural, do 18 de abril de 2007, pola que zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, todos os concellos galegos están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que as actuacións desta índole poden ser obxecto de financiamento Feader.





Sexto. As entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais, polo que a Consellería do Medio Rural, no marco deste convenio, promove a colaboración económica, co tope xeral de 150.000 € de axuda máxima por entidade, para o cofinanciamento de actuacións do tipo:

- a) Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal, cunha axuda máxima de 5.000 €/mes/ motobomba.
- b) Participación na prevención e defensa contra incendios forestais; mediante a actuación de brigadas contra os incendios forestais, cunha axuda máxima de 30.000 €, distribuída, en función do fondo financiador, do xeito seguinte:
 - b.1) para os labores de vixilancia e defensa (brigadas de extinción), cunha axuda máxima de 14.800 €/brigada de 4 compoñentes e de 18.500 €/brigada de 5 compoñentes.
 - b.2) para os labores de prevención (brigadas de prevención), cunha axuda máxima en función das hectáreas realizadas, co tope de 11.500 €/brigada.
- c) Realización de tratamentos preventivos mecanizados, cunha axuda máxima de 250 €/ha.

As actuacións dos tipos b.2) e c) corresponden a traballos de prevención que se enmarcan dentro da submedida 8.3 "axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes" do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 polo que están cofinanciadas polo Feader (75%), pola Administración xeral do Estado (7,5%) e pola Xunta de Galicia (17,5%).

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de participación e de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Verín, para o desenvolvemento das accións seguintes de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2022, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos que se inclúen neste convenio:

Actuación		Número	Duración	Superficie
a)	Vehículo motobomba	0	0,0 meses	
b)	Brigada municipal	0	3 meses	
c)	Tratamentos preventivos de xeito mecanizado			72 ha

SEGUNDA. *Financiamento*

1. Os custos das accións a desenvolver neste convenio repartiranse entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local.

2. A Consellería do Medio Rural financiará, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, cofinanciada parcialmente polo Feader no marco de PDR de Galicia 2014-2020, as actuacións coas contías seguintes:





Actuación		Importe da axuda	Proxecto
a)	Vehículo motobomba	0,00 €	2011 00771
b.1)	Brigada municipal de extinción	0,00 €	2011 00771
b.2)	Brigada municipal de prevención	0,00 €	2016 00212
c)	Tratamentos preventivos de xeito mecanizado	18.000,00 €	2016 00212
Total axuda		18.000,00 €	

3. A parte correspondente a cada entidade local será efectuada directamente por ela, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponda.

4. Cada actuación aprobada xera un expediente administrativo de subvención diferenciado, que se tramita de conformidade coas cláusulas deste convenio e ao abeiro do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. Programa de actuacións preventivas (PAP)

1. O Programa de actuacións preventivas (PAP) é un documento esencial para obter a axuda para estas actuacións, nel a entidade local reflicte a planificación detallada dos traballos de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e dos labores de prevención de forma manual das brigadas. Presentarase no prazo máximo de un mes desde a sinatura do convenio e o seu contido mínimo é o seguinte:

1.1. Ámbito de actuación das actuacións preventivas

Realizaranse os traballos de prevención de incendios, dentro do ámbito municipal da entidade local, en:

- Vías e camiños forestais, áreas de devasas ou nas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Superficies sobre as que a entidade local teña a cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de persoa propietaria descoñecida, previa a acreditación da dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

1.2. Tipos de traballo obxecto de axuda

- Brigadas: consistirán en actuacións preventivas manuais como rozas, rareos e eliminación posterior de restos. Estes traballos poderanse realizar en zonas mecanizables sempre que existan circunstancias que tecnicamente o aconsellen (superficies reducidas, existencia de obstáculos físicos, e similares).
- Tratamentos preventivos: consistirán en actuacións mecanizadas mediante rozas co obxecto de diminuír a carga de combustible. No caso de roza de faixas auxiliares en marxes de vías incluírase nesta actuación a roza de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

1.3. Xustificación das superficies obxecto de actuación

- As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do distrito forestal en materia preventiva e deberán estar en concordancia co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).
- Debe existir unha xustificación que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e a descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.





1.4. Táboa resumo de superficies obxecto de actuación

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación propostas en hectáreas, desagregando entre traballos mecanizados e manuais, e dentro destes:

- Parcelas ou vías de actuación coa descrición, cando menos, da parroquia e o lugar (potestativamente, as referencias catastrais ou as parcelas SIXPAC).
- No caso de actuacións manuais, a superficie proposta deberase desagregar:
 - Roza manual 1: superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.121,10 €/ha).
 - Roza manual 2: superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.195,84 €/ha).
 - Roza manual 3: superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (1.464,90 €/ha).
 - Roza manual 4: superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (1.793,76 €/ha).

1.5. Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:5:000 ou, no seu defecto, 1:25:000 na que se reflectan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

2. O PAP presentárase a través da aplicación informática de xestión *CONLU*, someterase a revisión documental por parte do persoal técnico do distrito forestal e á inspección previa sobre o terreo por parte de persoal funcionario da Consellería do Medio Rural, que verificará as superficies e a viabilidade dos traballos e emitirá un informe no prazo máximo de dez (10) días. De ser favorable, a Comisión de seguimento aprobará o PAP. Se o informe é negativo, a entidade local deberá modificar o PAP. Unha vez aprobado pola dita Comisión, o PAP a quedará integrado como parte do convenio e posibilitará o inicio dos traballos.

3. A falta de presentación do PAP por parte da entidade local, ou a presentación dun PAP tan defectuoso que imposibilite o desenvolvemento dos traballos, producirá a perda do dereito ao cobro desta axuda. Non obstante, poderase producir a aprobación parcial para un dos dous tipos de traballos no caso de que a inspección previa sexa favorable.

CUARTA. Medios necesarios para a realización das actuacións

1. A entidade local colaboradora, para a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e para a actuación de brigadas, poderá realizar as tarefas sinaladas neste convenio cos seus medios propios, ou ben mediante o procedemento de licitación que corresponda, desenvolvido ao abeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

2. No caso de que a entidade local contrate a realización das actuacións de prevención está obrigada, independentemente do tipo de contrato e da contía da licitación, a solicitar un mínimo tres (3) ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles. Esta obriga vén imposta pola esixencia vinculada ao financiamento Feader, consonte o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen as disposicións relativas aos controis, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, de moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. No suposto de non obter resposta/s a esta solicitude, a entidade local presentará, xunto coa xustificación, unha declaración responsable que acredite esta circunstancia.





3. O persoal encargado do manexo dos vehículos motobomba terá vinculación laboral coa entidade local.
4. A entidade local deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire este convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA. Requisitos do persoal vinculado ás actuacións do convenio como integrante das brigadas e/ou para o manexo de vehículos motobomba

1. A entidade local certificará que o persoal elixido para as actuacións deste convenio realizou un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo. Na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico existe unha recomendación técnica sobre os procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais, onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e de condición física:

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx

A entidade local será responsable de que exclusivamente se incorpore persoal que supere o recoñecemento médico e as probas físicas segundo esta recomendación técnica.

2. A entidade local certificará que o persoal realizou un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e a defensa contra os incendios forestais de 16 horas, que será impartido por persoal competente na materia do curso –enxeñeiro/a de montes ou enxeñeiro/a técnico/a forestal– co contido seguinte:

- A prevención e a defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h
- Ferramentas, 1 h
- Extinción e liquidación, 1,5 h
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 h
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h
- Primeiros auxilios, 2 h
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 h
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 h
- EPI e comunicacións, 1 h
- Seguridade e saúde e partes, 1 h
- Medios aéreos de embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h

Este curso realizarase logo da selección de persoal e con anterioridade ao inicio da operatividade ou, no seu defecto, nos dous primeiros días desta. É unha formación obrigatoria para todo o persoal vinculado ás accións deste convenio, independentemente de que o realizaran con anterioridade.

3. Estas certificacións da entidade local entregaranse ao persoal do distrito forestal con anterioridade ou no momento da realización da inspección previa ao inicio das actuacións.

SEXTA. Integración de vehículos motobomba e brigadas municipais no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais (SPIF)

1. Os vehículos motobomba (VMB) e as brigadas integraranse desde o inicio da actividade, e durante todo o período de actuación, no dispositivo de emerxencias do distrito forestal onde se sitúa a entidade local, priorizando a actuación dos VMB na extinción de incendios forestais respecto doutros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, do 9 de





abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do distrito forestal, conforme ao previsto no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación neste supostos.

2. A integración no dispositivo do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (en diante, SPIF) realizarase baixo o mando único descrito no Pladiga. A entidade local adherirase ao procedemento operativo do Pladiga como plan director. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPIF ao responsable da brigada.

3. A entidade local designará unha persoa responsable e coordinadora do funcionamento dos VMB, en colaboración e coordinación co despregamento de medios do distrito forestal, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ao que pertenza a entidade local. Durante a vixencia do convenio os VMB estarán operativos 16 horas/día con carácter ordinario, con plena dispoñibilidade, acorde ao horario establecido, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

4. A entidade local garantirá a colaboración e a coordinación co despregamento de medios, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinadora do funcionamento da brigada, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal. A persoa responsable da brigada será a interlocutora coa que se relacionará unicamente o persoal do SPIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e as instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.

SÉTIMA. Composición e dotación das brigadas

1. Cada brigada que se forme estará composta por:

- a) Unha persoa coa categoría de xefe/a de brigada. Estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B.
- b) Unha persoa coa categoría peón condutor con permiso de conducir tipo B.
- c) Dúas ou tres persoas coa categoría peón de brigada, segundo se constitúa unha brigada de 4 ou de 5 compoñentes.

2. As persoas que compoñen a brigada realizarán os labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres (3) meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

3. A entidade local dotará a cada brigada dun vehículo todoterreo durante todo o período de operatividade.

4. O/a xefe/a de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ao que pertenza a entidade local.

OITAVA. Períodos de operatividade

1. Os períodos de operatividade con carácter xeral son:

- Para os VMB: entre 2 e 4 meses ininterrompidos desde o seu inicio, sen superar a data límite de xustificación.
- Para as brigadas: tres (3) meses ininterrompidos desde o seu inicio.
- Para os traballos preventivos de xeito mecanizado: desde o inicio dos traballos ata data límite de xustificación.





2. O comezo de operatividade das brigadas e dos VMB terá lugar na data do mes de xullo que determine a entidade local e que comunicará á Dirección Xeral de Defensa do Monte, a través do sistema informático de xestión *CONLU*, cunha anterioridade mínima de tres (3) días á súa efectividade.

A Comisión de seguimento, por causas debidamente motivadas, poderá autorizar o adiamento da data de inicio. Este acordo quedará recollido na acta preceptiva que se incorporará ao expediente administrativo. Neste caso, o período previsto de operatividade contarase a partir desa data nova, sen que o prazo máximo das actuacións a desenvolver e a súa xustificación poidan superar a data límite de xustificación.

3. Unha vez que obteña a aprobación do PAP, a entidade local notificará a Consellería do Medio Rural, a través do sistema informático de xestión *CONLU*, o comezo de operatividade da acción de tratamentos preventivos de xeito mecanizado.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou os/as profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do convenio coa Consellería do Medio Rural; de tal xeito que non se poderá esixir á consellería responsabilidade algunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou polos feitos que teñan lugar durante o desenvolvemento deste convenio.

DÉCIMA. *Compromisos da entidade local*

A entidade local comprométese a:

1. Realizar as accións de colaboración de conformidade co disposto neste convenio e no PAP.
2. Someterse ás actuacións de comprobación que, con respecto á xestión dos fondos deste convenio, efectuará a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como os controis que poidan realizar as institucións comunitarias respecto das actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.
3. Levar un sistema de contabilidade específica Feader, ou ben un código contable axeitado, onde se rexistren as transaccións relativas as actuacións cofinanciadas, tal e como esixe o artigo 66.1.c)i) do Regulamento (UE) núm. 1305/2013. Así mesmo, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
4. Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito dos Fondos Feader.
5. Proporcionar á Autoridade de xestión do PDR, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegara a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, tal como establece o Regulamento (UE) núm. 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, que sinala no artigo 71 o compromiso por parte das persoas beneficiarias de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural.
6. A sinatura deste convenio pola entidade local conleva a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Acreditar que a entidade local cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.





8. Dotar o persoal vinculado ás actuacións do convenio, do equipo de protección individual (EPI) e das ferramentas indispensables para realizar as súas funcións de conformidade coa normativa vixente. As características técnicas mínimas dos EPI serán as marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) ou polo Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga).

DÉCIMO PRIMEIRA. *Compromisos da Consellería do Medio Rural*

A Consellería do Medio Rural comprométese a:

1. Poñer a disposición da entidade local os medios de comunicación precisos para a integración dos VMB e das brigadas na Rede emerxencias e seguridade de Galicia (Resgal), sendo responsabilidade da entidade local calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos, unha vez finalizada a vixencia deste convenio, en perfecto estado.
3. Proporcionar acceso e soporte ao sistema informático *CONLU* de xestión de convenios da Dirección Xeral de Defensa do Monte.
4. Comunicar á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), para a publicación, toda a información relativa ás axudas recollidas neste convenio, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Contribuír ao financiamento das actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula segunda.

DÉCIMO SEGUNDA. *Gastos subvencionables*

1. Son gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio, que se realicen desde a sinatura do convenio, que sexan coherentes coa actuación, estritamente necesarios para levala a cabo e estean efectivamente pagados na data límite de xustificación das actuacións obxecto de axuda. A tipoloxía é a seguinte:

- a) Gastos de persoal: serán subvencionables os custos directos do persoal, incluídos os seguros sociais, que teña vinculación laboral coa entidade local e se asigne para este convenio ao manexo dos VMB, da maquinaria para os tratamentos preventivos mecanizados e/ou como compoñente das brigadas.
- b) Gastos de funcionamento e mantemento dos vehículos vinculados directamente ás actuacións obxecto do convenio.
- c) Gastos dos recoñecementos médicos e das probas físicas esixidas neste convenio.
- d) Gastos da formación esixida neste convenio para as actuacións de extinción e defensa.
- e) Gastos da subministración de EPI para os labores de extinción e de EPI para os labores de prevención.
- f) Gastos da subministración de ferramentas para o persoal das brigadas de extinción (batelumes, pulaskis e similares) e para o persoal das brigadas de prevención (motoserras, rozadoras, ferramentas de corte e similares).
- g) Gastos da contratación de servizos para a realización de tratamentos preventivos e/ou para a actuación de brigadas.
- h) Gastos do cartel de publicidade Feader co tope de 236,48 €/unidade.

2. A Consellería do Medio Rural aboará os gastos subvencionables xustificadas debidamente ata o importe máximo por actuación ou a parte proporcional, segundo corresponda, tendo en conta que, de acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.





3. Os importes dos gastos en actuacións de prevención terán a consideración de custos de referencia que suporán límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, consonte o establecido no artigo 67.1.a) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013. Por esta razón, esixirase ás persoas beneficiarias da axuda que presenten, xunto coa solicitude de pagamento, as facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente e o xustificante de pagamento.

DÉCIMO TERCEIRA. *Pagamentos anticipados*

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar pagamentos anticipados, para as actuacións dos VMB e das brigadas de extinción de ata o 90% do importe da axuda, de acordo ao establecido no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento dos anticipos realizarase logo da sinatura do convenio e unha vez que o distrito forestal correspondente emita e integre na aplicación informática *CONLU* o informe favorable de operatividade. No informe de operatividade farase referencia polo menos a:

- a) Respecto dos VMB: A matrícula do vehículo, a identificación do persoal encargado do manexo e da persoa responsable da coordinación, os datos de contacto, a dotación de EPI, a existencia da documentación dos vehículos esixida pola normativa aplicable e o seu equipamento, a realización de recoñecemento médico, de probas físicas e do curso de formación, segundo o determinado no convenio, e indicará a data de inicio de operatividade.
- b) Respecto das brigadas extinción: A identificación das persoas compoñentes e dos postos que ocupan na composición da brigada, a realización de recoñecemento médico, de probas físicas e de curso de formación, o vehículo todoterreo empregado coa documentación esixida pola normativa aplicable, o EPI e as ferramentas e, finalmente, indicará a data de inicio e de operatividade da brigada.

3. A contía do anticipo modularase en función do manifestado no informe de operatividade en relación ao número de membros cos que se constitúe a brigada ou á operatividade parcial dos VMB.

DÉCIMO CUARTA. *Xustificación das actuacións*

1. O prazo de presentación da documentación xustificativa das actuacións obxecto deste convenio comeza ao día seguinte da finalización da operatividade da actuación de que se trate e remata o 15 de novembro de 2022.

2. A entidade local presentará a solicitude de pagamento xunto coa documentación xustificativa seguinte, tendo en conta que o gasto realizado é o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación e que o imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos das actuacións preventivas é un imposto soportado pola entidade, posto que non é un gasto subvencionable polo Feader:

- a) A relación nominal das persoas traballadoras adscritas ás actividades obxecto de axuda cos datos de identidade das persoas traballadoras, a indicación de inicio e fin do período de actuación, cos importes das retribucións e das cotizacións sociais e coa contía imputada a esta subvención.
- b) A relación ordenada e clasificada dos gastos e dos investimentos da actividade, con identificación da persoa acreedora, do número de factura, do importe sen IVE, do importe con IVE, da data de emisión da factura, da data de pagamento e do documento bancario acreditativo do pagamento.
- c) De ser o caso, a relación detallada doutros ingresos e/ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) As nóminas e os recibos de liquidación de cotizacións e a relación nominal de persoas traballadoras nas actuacións preventivas.





- e) As facturas, ou documentos con valor probatorio equivalente, e os xustificantes bancarios do seu pagamento por servizos externos de actuacións preventivas, de ser o caso. Nos xustificantes bancarios deberá constar o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa que emite a factura e o detalle do concepto.
- f) As ofertas de licitación de servizos externos de actuacións preventivas. No caso de que a entidade local contrate con empresas do sector as accións de realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e a actuación de brigadas –independentemente das obrigas dispostas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres (3) ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles– o feito de que o financiamento das actuacións sexa con fondos europeos Feader, impón, consonte o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen disposicións relativas aos controis, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. Por tanto, a existencia da solicitude dun mínimo de tres (3) ofertas aplicárase independentemente da contía de licitación.
- g) A memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actuacións realizadas en materia preventiva e da súa incidencia económica. Inclúirá o detalle das superficies obxecto de actuación, que serán coincidentes obrigatoriamente co PAP aprobado.

3. A solicitude de pagamento, de presentación obrigada mediante o formulario web a través do sistema informático *CONLU*, contén as declaracións seguintes:

- Que a entidade local cumpre as obrigas e os requisitos establecidos neste convenio, de conformidade cos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da súa normativa de desenvolvemento.
- Que a entidade local comunica ter, ou non, solicitado ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade.
- Que a entidade local está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Que o IVE dos gastos imputados en materia de vixilancia e defensa contra os incendios forestais para esta entidade local ten a condición de deducible ou de non deducible.
- Que todas as transaccións deste investimento son obxecto de contabilidade diferenciada mediante un código contable específico no sistema contable da entidade local, con indicación expresa da súa vinculación co financiamento Feader.
- Que asume a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a obriga de comunicar o órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito dos fondos Feader.

DÉCIMO QUINTA. Informes finais de operatividade e de execución de traballos preventivos

1. A actuación dos VMB e das brigadas en labores de defensa durante o período operatividade será obxecto dun informe final de operatividade emitido por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural vinculado ao seguimento do convenio, no que se faga constar se a colaboración co SPIF foi satisfactoria ou non, e se a operatividade foi completa.

No caso de que a colaboración non fora totalmente favorable, modificarase á baixa o pagamento da cantidade comprometida no convenio ou revogarase, segundo corresponda. Do mesmo xeito, e no caso de





que a certificación reflicta que os medios conveniados non estiveran operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda será minorada na contía establecida neste convenio para estas circunstancias. Para estes efectos o informe reflectirá os días de non operatividade dos VMB e dos membros das brigadas.

Non obstante, nos supostos nos que a entidade teña máis dunha brigada no convenio e se produza a baixa dun/dunha xefe/a de brigada, non se practicará desconto por non operatividade sempre que o resto dos/das compoñentes se integren operativamente noutra das brigadas operativas asumindo a persoa responsable desta brigada a súa dirección durante toda duración da dita baixa. Esta circunstancia deberá ser comunicada pola entidade, no momento de producirse, a través da Comisión de seguimento, que deberá deixar constancia da súa conformidade.

2. En materia de prevención contra incendios (manual e/ou mecanizada), o informe de execución será emitido por persoal funcionario, vinculado ao seguimento dos traballos e distinto ao que realizou a inspección previa. O informe indicará se os traballos foron realizados de conformidade, especificando os lugares e o número de hectáreas realizadas, e deberá coincidir co PAP aprobado pola Comisión de seguimento. Con este informe poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número de unidades inferior ás aprobadas no inicio.

DÉCIMO SEXTA. *Pagamento final*

1. A Subdirección Xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte é o órgano encargado da instrución do expediente administrativo de xustificación para a posterior tramitación do pagamento das axudas. Unha vez presentada a solicitude de pagamento coa documentación xustificativa e, logo da emisión dos informes de operatividade e/ou de execución, esta unidade emitirá o certificado de execución das actuacións e realizará o *check* de control administrativo respecto das axudas de prevención.

Na certificación reflectirase o importe que xustifica a entidade local, o importe que verifica a unidade e o importe a pagar coas minoracións e/ou reducións que procedan segundo se especifica:

- a) Minoracións para VMB aplicables en función dos períodos de non operatividade e polos períodos de actuación: a operatividade inferior á ordinaria (16 horas) suporá unha minoración da axuda calculada polo rateo das horas/día non operativas ata o mínimo de 8 horas. Superado este límite, a axuda por esa xornada anúlase. O importe do desconto por xornada calcúlase sobre a contía total da axuda. Para estes efectos os meses considéranse de 30 días.
- b) Os días de non operatividade de brigadas de extinción, sexan de 4 ou 5 membros, teñen un desconto de 20 €/día/compoñente. Non se producirá desconto por comopoñente no período ou períodos nos que as brigadas queden con menos de 3 comopoñentes, pois nestes períodos a axuda anúlase na contía resultante rateada respecto do período total da actuación. Para estes efectos os meses considéranse de 30 días.
- c) Redución prevista no artigo 63 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014: No caso de actuacións de prevención (manuais e/ou mecanizadas) cando o importe solicitado pola entidade local supere en máis dun 10% o importe da comprobación final reflectida no informe de execución, reducirase a subvención a percibir resultante da comprobación final, coa diferenza entre ambos os importes. Non obstante, non se aplicará ningunha redución se a entidade beneficiaria pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

2. O pagamento final polas actuacións de VMB e de brigadas de extinción realizarase pola contía calculada correspondente logo do desconto polos días de non operatividade, se os houber, sempre que o gasto subvencionable xustificado pola entidade sexa igual ou superior ao importe da contía calculada, en caso contrario o pagamento realizarase por unha contía equivalente ao importe subvencionable xustificado.

3. Para o pagamento final dos gastos derivados das accións de preventivas (manuais e/ou mecanizadas) esíxese a documentación acreditativa da realización das actuacións, conforme a instrución AX06 2014_2020 "Xustificación do gasto e pagamento nas axudas en forma de reembolso de custos subvencionables", elaborada pola Autoridade de xestión.





Así mesmo, teranse en conta os criterios xerais ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) na Circular de coordinación 33/2020 relativa aos criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe á Circular de coordinación 32/2017. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 18/2019 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe á Circular de coordinación 8/2018.

4. O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar canta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

6. Para os efectos de xustificación destas axudas, os importes xustificadas en cada un dos distintos expedientes xerados polas diferentes accións subvencionadas a cada entidade non son compensables entre si.

DÉCIMO SÉTIMA. Reintegros

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas establecidas neste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á súa modificación.

2. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida e/ou á perda do dereito ao cobro das contías non percibidas.

3. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

4. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos propios, os xuros de mora esixíranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos Feader, os xuros de mora calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para a entidade beneficiaria, indicado na orde de recuperación e que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución. O tipo de interese aplicable calcularase de acordo co dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de interese aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais, segundo describe o artigo 7 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

DÉCIMO OITAVA. Incompatibilidade de axudas

As axudas concedidas neste convenio son incompatibles con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo, no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.





DÉCIMO NOVENA. Publicidade

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e goberno aberto.

2. Asemade, en materia de fondos Feader (rozas manuais e mecanizadas) as obrigas en materia de publicidade veñen recollidas no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de Execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, e no disposto na "Estratexia de información e publicidade" do PDR 2014-2020 de Galicia. En todas as actividades de información e de comunicación que se desenvolvan, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio do Feader mostrando:

- a) O emblema da Unión.
- b) Unha referencia á axuda do Feader.

Durante a realización da operación, a entidade beneficiaria informará ao público da axuda obtida do Feader, da forma seguinte:

- a) Presentando no sitio web da entidade beneficiaria para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.
- b) No caso de operacións non comprendidas no punto c (obras de infraestruturas ou construción que se benefician dunha axuda pública total de importe superior a 500.000 €), atenderase ás obrigas seguintes: as operacións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 €, en función da operación financiada, colocarán polo menos un panel coa información sobre a operación (de tamaño mínimo A3), onde se destaque a axuda financeira recibida pola Unión, nun lugar visible para o público. Cando a operación no marco dun PDR dea lugar a un investimento, que reciba unha axuda pública total superior a 50.000 €, a entidade beneficiaria colocará unha placa explicativa coa información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión.

VIXÉSIMA. Comisión de seguimento

Constitúese unha Comisión de seguimento como mecanismo de actuación conxunta para o seguimento, a coordinación e a avaliación das actuacións estipuladas no convenio e, nomeadamente, para aprobar o PAP e as modificacións das datas de inicio de operatividade e tamén para a proposta de solución das situacións excepcionais motivadas por ausencia de xefe/a de brigada, independentemente do número de brigadas municipais conveniadas. A dita comisión, que se reunirá a petición de calquera das partes, estará integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Prevención (ou persoa en quen delegue), que a presidirá; por unha persoa funcionaria do distrito forestal que corresponda por razón do territorio, designada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte e por unha persoa en representación da entidade local.

O dito órgano colexiado rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





VIXÉSIMO PRIMEIRA. *Relación por medios electrónicos*

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos. As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

De conformidade co anterior, a xestión administrativa do convenio realizarase obrigatoriamente a través do sistema informático *CONLU* para a xestión de convenios da Dirección Xeral de Defensa do Monte. A entidade local obterá as claves de usuario, de non dispor delas, para os perfís correspondentes accedendo ao sistema a través do enderezo web <https://conlu.xunta.gal/>.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte garantirá o soporte necesario para o funcionamento óptimo e o intercambio de comunicacións e de notificacións esenciais para a execución do convenio.

Así mesmo, manterá actualizadas nun acceso visible, na páxina de inicio do sistema e na web oficial da Consellería do Medio Rural, as instrucións necesarias para a realización dos trámites administrativos correspondentes e a información das normas de publicidade e das técnicas aplicables para o desenvolvemento correcto das accións obxecto do convenio.

VIXÉSIMO SEGUNDA. *Información básica sobre a protección de datos de carácter persoal*

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

VIXÉSIMO TERCEIRA. *Modificación e extinción do convenio*

1. Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente, e seguindo todos os trámites necesarios para a formalización oportuna.





2. O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por mutuo acordo das partes, por circunstancias que imposibiliten a realización das actuacións previstas e/ou por incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas. Os reintegros ou as perdas de dereito xeradas por estes incumprimentos tramitaranse segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO CUARTA. Réxime xurídico

Este convenio ten carácter administrativo, réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO QUINTA. Vixencia

Este convenio producirá efectos dende a sinatura e ata o 31 de decembro de 2022.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, no lugar sinalado no encabezamento.

O conselleiro do Medio Rural
P.D. Orde do 17.11.2015 (DOG núm. 223 do 23.11.2015)
O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

O alcalde do Concello de Verín

Gerardo Seoane Fidalgo

